




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A norma terceira da Resolución Reitoral do 28 de setembro de 2004 pola que se regula o recoñecemento de créditos polos estudos de música cursados nos Conservatorios Oficiais de Música, establece a posibilidade de validación da materia troncal Linguaxe Musical da titulación de Mestre, especialidade en Educación Musical.

O acordo do 25 de outubro de 2004 do Consello de Coordinación Universitaria polo que se establecen os criterios xerais ós que haberán de axustarse as Universidades en materia de validación e adaptación de estudos establece que as materias validadas terán a equivalencia en puntos correspondentes á cualificación obtida no centro de procedencia.

Se ben a dita Resolución do 28 de setembro establece que con carácter xeral o recoñecemento dos estudos musicais reflectirase nos expedientes académicos coa cualificación de apto, no caso da validación da materia troncal de Linguaxe Musical débese seguir o establecido polo Consello de Coordinación Universitaria para a validación de materias. É por elo que, consultada á Facultade de Ciencias da Educación.


### ESTA REITORÍA RESOLVE:

**UNICO.-** Na validación da materia Linguaxe Musical por estudos musicais cursados nos Conservatorios Oficiais de Música, figurará a mención VALIDADO e a cualificación coa que os alumnos superaron ditos estudos, do xeito seguinte según o caso:

- Cando na certificación acreditativa dos estudos figure a cualificación de APTO ou BEN reflectirase no seu expediente como: VALIDADO (APROBADO).
- Se na cualificación acreditativa dos mesmos figura a cualificación de APROBADO, NOTABLE ou SOBRESALIENTE, reflectirase a materia validada coa mesma valoración cualitativa: VALIDADO (APROBADO), VALIDADO (NOTABLE), ou VALIDADO (SOBRESALIENTE).
- No caso de que os estudos que dan lugar a validación consten de partes cualificadas de xeito distinto, calcularase a media aritmética das cualificacións asignando a cada unha a puntuación correspondente según a norma 17.3.1 das Normas de Xestión Académica. O resultado numérico exprésase no correspondente cualitativo:
  - Entre 1 e 1,9.- APROBADO
  - Entre 2 e 2,9.- NOTABLE
  - 3 ou superior.- SOBRESALIENTE



Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2005  
O RECTOR,

  
Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRS/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - OFICINA DE ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS.